

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA DE RISCO DE INUNDACIÓNS POR ROTURA DA PRESA DE EIRAS

ANUNCIO TOMA DE COÑECEMENTO DO BORRADOR DO PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA, PONTE SAMPAIO, DE RISCO DE INUNDACIÓNS POR ROTURA DA PRESA DE EIRAS, TRALO INFORME DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E PROTECCIÓN CIVIL DA XUNTA DE GALICIA E APERTURA DO PROCESO DE INFORMACIÓN PÚBLICA. CÓDIGO: 2018/XENSUMAPH/000178

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 11.02.2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*“(…) Primeiro.—*Tomar coñecemento e prestar aprobación inicial ao borrador do Plan de Actuación Municipal do Concello de Pontevedra: Ponte Sampaio. Risco por inundación por rotura de presa -elaborado pola Xunta de Galicia e desenvolto e conformado pola xefatura do Servizo de Bombeiros e polo enxeñeiro xefe municipal-, documento modificado tralo informe da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil do 14/01/2019, composto de dous tomos conformados polo enxeñeiro municipal adscrito á OTMAIES en datas 05/02/2019 e 06/02/2019, que anulan e modifican á documentación anterior

*Segundo.—*Someter o expediente para a aprobación do plan de actuación municipal a información pública, ao abeiro do disposto no artigo 33.1 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, en relación co artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, durante o prazo de vinte días, mediante anuncio que se publicará, ademais de no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica do Concello www.sede.pontevedra.gal, na páxina web municipal www.pontevedra.gal e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, computando o remate do amentado prazo de alegacións dende o día seguinte á data de publicación do anuncio no BOP e dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaría da Administración Municipal.

Durante o referido período, o Plan sometido a información pública poderá ser consultado nos servizos urbanísticos municipais, sitos na rúa dos Churruchaos núm. 2, baixo, 36071-Pontevedra, en horario de oficina, sen prexuízo do acceso electrónico a través da sede electrónica do Concello e formular as alegacións e as xustificacións que considere procedentes..

Así mesmo, infórmase que nestas datas xa se atopa publicado na sede electrónica do Concello de Pontevedra (ligazón exacta a día de hoxe: <http://sede.pontevedra.gal/public/publications/list/inforpubli/INFPUB>) o contido íntegro do documento aprobado inicialmente.

Pontevedra, 15 de febreiro de 2019.—O Concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, Raimundo González Carballo.

